

Programación cultural *Oleiros*

febreiro/maio
2014



**Concello de
Oleiros**

www.oleiros.org

OBRADOIROS CULTURAIS MUNICIPAIS



• **Obradoiro infantil de teatro:** febreiro-xuño, sábados de 10.30 a 12.00 horas. **Destinatarios/as:** nenos e nenas nados entre os anos 2002 e 2007.

• **Obradoiro xuvenil de teatro:** febreiro-xuño, sábados de 12.00 a 13.30 horas. **Destinatarios/as:** rapaces e rapazas nados entre os anos 2001 e 1996.

• **Obradoiro teatral para adultos:** de febreiro a xuño e de setembro a novembro, martes e mércores de 18.00 a 20.00 horas. **Destinatarios/as:** maiores de 18 anos.

Inscricións e máis información: Departamento de Cultura,
tel.: 981 610 000

OBRADOIROS CULTURAIS MUNICIPAIS

Obradoiro de olería

Alfar do centro
cultural As Torres,
Santa Cruz



- **Datas:** de febreiro a xuño e de outubro a decembro.
- **Horario:** luns e martes de 18.30 a 20.30 horas.
- **Destinatarios/as:** persoas interesadas no mundo da olería maiores de 18 anos.

Inscricións e máis información: Departamento de Cultura,
tel.: 981 610 000

OLEIROS MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno

Sábado 8 febreiro ás 20:30 horas.
Auditorio do centro cultural
A Fábrica, Perillo

AS GRANDES DIVAS DO JAZZ

Concerto de
Marian Ledesma e os
Tinaquero Brothers



A cantante Marian Ledesma, acompañada por catro grandes músicos de bandas como **Miki Nervio & The Bluesmakers** ou **May Thai & The Torino Rockets**, ofrece un repaso por grandes cancións da historia do jazz interpretadas por mulleres. Poderás escoitar na súa fabulosa voz temas de Bessie Smith, Elizabeth Cotten, Minnie Memphis, Dinah Washington, Billie Holliday e a gran deusa Ella Fitzgerald. Ademais das súas cancións coñecerás tamén anécdotas das súas vidas e do contexto social no que se desenvolveu un dos movementos musicais máis importante do século XX. A formación está composta por un contrabaixo, guitarra, batería, saxo e voz.

Prezo: 2,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.


OLEIROS MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno

Venres 14 de febreiro
ás 21:00 horas.
Auditorio do centro
cultural A Fábrica, Perillo

O MEU PRIMEIRO CELSO EMILIO

Concerto de
homenaxe a **Celso
Emilio Ferreiro**



Este recital homenaxe a Celso Emilio Ferreiro a través da voz de **María Manuela, Mini, Mero e Xiana Lastra**. Este concerto, dá vida ao libro que editaron Xosé e Xiana Lastra, unha visión da obra de Celso Emilio adaptándoo a todas as idades e en especial á mocidade. O elenco musical está composto polos irmáns **Manolo** (baixo) e **Pepe do Pico** (percusión), **Roberto Grandal** (acordeón), **Simón García** (contrabaixo), **Nani García** (piano), **Xurxo Varela e Paco Barreiro** (guitarras) ou **Nuria Lestegás** (violín).

Prezo: 2,50 euros. Este concerto será ás 21:00 horas e as entradas poranse á venda a partir das 20:00 horas.

OLEIROS MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno

Sábado 15 febreiro
ás 20:30 horas.
Auditorio do centro
cultural A Fábrica,
Perillo

SILVIA PENIDE Y LOS ANIMALES

Concerto de
SILVIA PENIDE
(Pop)



A cantante e compositora Silvia Penide, acompañada da súa banda Los Animales (**Fernando Lamas**: batería, **Rubén Barros-Deschamps**: guitarra, **Fran Castro**: teclado e **Serxio Moreira**: piano) presentará temas do seu último disco “**Animal de compañía**”, un traballo persoal, íntimo, atrevido e cheo de letras duras e maduras.

Prezo: 2,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

OLEIROS MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno



**Sábado 22 de febreiro ás 20:30 horas.
Auditorio do centro cultural A Fábrica, Perillo**

LA LUZ DE LOS GIGANTES

Concerto de **César de Centi** (Canción de autor)

Neste proxecto César rompe co formato máis acústico e aventúrase con estilos que fan chiscadelas ao rock e ao pop. As letras seguen tendo un carácter intimista pero cun aire novo máis eléctrico. Formación: **Diego Barral** (guitarras), **Dresan Drex** (batería), **Juan Aparicio** (baixo), **Alberto Mouriño** (batería), e **Tonu Leiro** (percusións).

Prezo: 2,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

OLEIROS TEATRO



Sábado 15 de marzo ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

A compañía teatral **Teatro do Atlántico**, presenta o seu espectáculo "**A charca Inútil**", de David Desola baixo a dirección de **Xulio Lago**.

Sinopse: *A charca inútil* é un drama sobre a loucura, non como patoloxía, senón como vía de escape, como refuxio a unha existencia insoportable. As personaxes, atormentadas, refúxianse na loucura para se manter cordos. Pero tamén é unha historia de amor, na que as accións son moito máis importantes que as palabras. É tamén unha historia de soidade e misterio na que hai quen quere ver un lugar para a esperanza.

Elenco: Marcos Viéitez, Gonzalo M. Uriarte e María Barcala

Xénero: drama. **Duración:** 90 minutos

Prezo: 3,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO



Sábado 22 de marzo ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

A compañía teatral **Abrapalabra Creacións Escénicas**, presenta o seu espectáculo **“As do Peixe”** de Cándido Pazó, baixo a dirección de **Cristina Domínguez**.

Sinopse: Catro mulleres, Conchi, Begoña, Lisa e Tere, reúnen-se periodicamente nun espazo público dedicado á memoria das conserxeiras. Aquí tratan de relembra-lo seu pasado laboral e o de tantas mulleres que, logo de que a fábrica de conservas máis importante da vila pechara, despois de moitas loitas e desenganos, víronse sen traballo e sen posibilidades reais de volver recuperalo. A súa historia, é a de moitas outras mulleres das vilas mariñeiras que quedaron sen traballo...

Elenco: Susana Dans, Mónica Caamaño, Casilda Alfaro e Rocío González

Xénero: comedia. **Duración:** 85 minutos

Prezo: 3,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO

Sábado 29 de marzo
ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García
Márquez, de Mera


A compañía **il Maquinario Teatro** presenta o seu espectáculo “**O Home Almofada**” de Martin McDonagh, baixo a dirección de **Tito Asorey**.

Sinopse: Nun país totalitario sen nome, Katurian, unha escritora de macabros contos infantís, está sendo interrogada por unha parella de policía a causa da aparición na cidade dunha serie de cadáveres de nenos. *O modus operandi* do suxeito que leva a cabo estes crimes é sospeitosamente similar ao que ela describe nalgúns dos seus relatos. Con todo, ela loita por defender a súa inocencia. Todo cambia cando descobre que na cela contigua está presa a súa irmá, que padece un forte trastorno psicolóxico a causa dos malos tratos que sufriu sendo nena...

Elenco: Melania Cruz, Fernando Gonzalez, Fran Lareu e Laura Míguez

Xénero: drama

Duración: 90 minutos



Prezo: 3,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 14 anos.

OLEIROS TEATRO

Sábado 5 de abril
ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel
García Márquez,
de Mera

A compañía teatral **Catro Cadeiras**, presenta o espectáculo **“O Feo”** de Marius Von Mayenburg, baixo a dirección de **Juan Carlos Corredoira**.

Sinopse: Lette considérase unha persoa normal. Traballa duro como enxeñeiro e goza dun matrimonio apracible sen sobresaltos. Mais un día descubre unha terrible verdade: é espantosamente feo.

Así comeza *O Feo*, unha comedia que dun xeito divertido e mordaz, denuncia a nosa obsesión pola beleza e polo éxito, obrigándonos a reflexionar acerca do que realmente nos define como persoas hoxe en día.

Elenco: Machi Salgado, Manuel Polo, Xoán Abreu e Laura Campos

Xénero: comedia. **Duración:** 60 minutos



Prezo: 3,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO



Sábado 12 de abril ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Luis Boyano presenta o seu espectáculo **“Asombrosamente increíble”**.

Sinopse: Espectáculo onde o humor e a maxia xiran arredor de xogos, efectos de adiviñación, escapismo, etc.

Elenco: Luis Boyano

Xénero: maxia/mentalismo/comedia

Duración: 60 minutos

Prezo: 2,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO

Sábado 26 de abril
ás 20:30 horas
Auditorio do centro
cultural A Fábrica, Perillo



A compañía teatral **Fantoches Baj**, presenta o espectáculo “**O Asombro con Díaz Castro**”, inspirado nos textos de Díaz Castro e Uxío Novoneyra, baixo a dirección de **Inacio Vilariño**.

Sinopse: Un espectáculo que logra asombrar o público, fascinándoo polo frescor impactante da proposta. É un cruce entre teatro poético e manipulación de obxectos, cun acompañamento musical en directo de Benxamín Otero.

O narrador, recitador ou “performer”, Inacio Vilariño, encandéanos coas palabras de Díaz Castro e Uxío Novoneyra, cunha rotunda musicalidade que se deixa escoitar con verdadeiro pracer, mentres crea un suxerinte universo de trazos inscritos con xis branca sobre un taboleiro. Ou mediante unha estudada manipulación de libros que van construíndo ilustracións abstractas das palabras que xorden deles.

Elenco: Inacio Vilariño e Benxamín Otero

Xénero: espectáculo músico teatral

Duración: 60 minutos

Prezo: 2,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO

Sábado 10 de maio
às 20:30 horas
Auditorio Gabriel
García Márquez,
de Mera

Teatro dos Ghazafellos
presenta o seu espectáculo
“Nana para un soldado”.



Sinopse: Nana para un soldado relata o encontro de dous soldados inimigos na fronte, que terán que deixar a un lado as súas diferenzas para facerse cargo dun pequeno imprevisto: o nacemento dun neno.

Elenco: PePablo Patinho, Montse Piñón, Jorge Casas

Xénero: comedia

Duración: 60 minutos

Prezo: 2,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS CINE

Sábado 17 de maio
ás 20:30 horas
Auditorio do centro
cultural A Fábrica, Perillo

O APÓSTOLO

Dirección: Fernando Cortizo

País: España

Ano: 2012

Duración: 72 minutos


Xénero: animación

Cualificación: non recomendada a menores de 7 anos

Música: Philip Glass, Xavier Font e Arturo Vaquero

Observacións: Nominada á mellor película de animación nos Premios Goya-2013. Premio especial do xurado no Festival Fantasporto.

Sinopse: O Apóstolo conta unha escura historia de misterio ambientada no camiño de Santiago na que se mestura suspense, humor e fantasía a partes iguais. O protagonista, un preso que acaba de fuxir da cadea, verase envolto nuns inquietantes sucesos ao intentar recuperar un botín escondido anos atrás nunha afastada aldea.



Entrada libre, ata completar a capacidade da sala

OLEIROS CINE

Sábado 24 de maio
ás 20:30 horas
Auditorio do centro
cultural A Fábrica, Perillo

DE PROFUNDIS

Dirección: Miguelanxo Prado

País: España

Ano: 2006

Duración: 75 minutos

Xénero: longametraxe de animación para adultos

Cualificación: todos os públicos

Música: Nani García

Observacións: Nominada á mellor película de animación nos Premios Goya de 2007.

Sinopse: Había unha vez unha casa debaixo do mar, onde unha muller, tocando un violonchelo melancólico... Agardaba o seu amado, un pintor que sempre quixera ser mariñeiro para navegar entre as medusas, as estrelas de mar e os peixes de mil cores que soñaba nos seus cadros.



Entrada libre, ata completar a capacidade da sala

Sábado 31 de maio
às 20:30 horas
Auditorio do centro
cultural A Fábrica, Perillo

ARRUGAS

Dirección: Ignacio Ferreras

País: España. Ano: 2011

Duración: 89 minutos

Xénero: longametraxe de animación

Música: Nani García

Cualificación: todos os públicos

Observación: Baseada no cómic homónimo de Paco Roca (Premio Nacional de Cómic 2008). Algúns dos galardóns logrados son: 2 Premios Goya na edición do ano 2012 (Mellor película de animación e mellor guión adaptado). Nominada á Mellor película de animación nos Premios do Cine Europeo do ano 2012. Gran Premio á Mellor longametraxe de animación no Festival de Ottawa na edición do ano 2012.

Sinopse: Emilio e Miguel, dous anciáns recluídos nun xeriátrico fanse amigos, Emilio, que padece un principio de Alzheimer, conta inmediatamente coa axuda de Miguel e doutros compañeiros que intentarán evitar que vaia parar á planta dos máis graves. O seu disparatado plan tingue de humor e tenrura o tedioso día a día da residencia, pois para eles acaba de iniciar unha nova vida.



Entrada livre, ata completar a capacidade da sala



Centro Cultural A FÁBRICA

Música, exposicións.
Rúa do Inglés, s/n. Perillo.



Centro Cultural AS TORRES

Obradoiro de olaría e teatro.
*Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 17.
Santa Cruz / Liáns.*



Auditorio GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ

Teatro, música, danza.
*Rúa do Chelito, s/n.
Mera/Serantes.*



CASA CHARRY

Exposicións.
Praza de Galicia, s/n. Oleiros.

- Prégase puntualidade, por respecto aos artistas e ao resto do público. Non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.
- Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.
- Os móbiles permanecerán apagados durante a duración do espectáculo.
- Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.
- Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.

Moitas grazas.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística